

ESTUDIANTES - SAN CIPRIÁN - ENSINO - RÍA RIBADEO

O BALONCESTO LUCENSE MANDA NA LIGA GALEGA CADETE

Os catro equipos que compiten na Primeira División chegan ao parón de Nadal nas catro primeiras posicións. Estudiantes, líder empatado a vitorias con San Ciprián. Ensino, no podio a un triunfo dos dous primeiros, e o Ria de Ribadeo cuarto tras encadear catro vitorias consecutivas nas últimas xomadas



1. Lider BASKET

MARTES 17 DECEMBRO 2019 • ANO VII - Nº 210 • Correo - liderlugo@lavoz.es

La Voz de Galicia



60 62



BOMBA MARIÑÁ

O Academia A Mariña CB Burela gañaron o derbi da Liga Galega infantil feminina disputado no Anexo contra Estudiantes. As de Nacho Mota e Juanma López levaron o peso dun partido que se decidiu pola súa excepcional defensa nos últimos segundos

Ensino aséntase en postos de play off tras gañar en Ourense

OS DE ADRIÁN GONZÁLEZ instálanse na cuarta praza tras impoñerse nun encontro cunha primeira parte trabada, un gran terceiro parcial e un final de partido con desconexión

OURENSE	ENSINO
66	74
Xogador	PTS
Fernández	Eloy 5
Cervino	Mario
Pardo	Anton Real 8
Fernández	Cristian 14
Febrero	Hugo Rey 10
Ferreiro	Sergio 3
Parente	Jorge 2
Sánchez	Olloqui 11
López	Dani Lopez 7
Sánchez	Seny 2
Sena	Tshunza 12
Alonso	

"UN PARTIDO DE DOS CARAS DONDE EL FINAL SE NOS HIZO MUY LARGO" ADRIÁN GONZÁLEZ - Ensino

seu xogo, sen chegar a estar cómodos nin controlar o partido en ningún momento.

No primeiro parcial víronse superados nos un para un polos ourensáns, mentres que no segundo cuarto a defensa deu un paso á fronte e con iso o equipo roubou e puido correr para anotar con máis fluidez, á vez que se pechou mellor o rebote sen conceder segundas opcións aos locais.

Ao descanso chegouse con 32-42 no marcador, para empezar unha segunda parte na que Ensino xogou o seu mellor baloncesto. A defensa estivo a un nivel moi bo e en ataque atopáronse vías para anotar por medio de varios xogadores e desde

distintas posicións.

A sensación era de que cun terceiro parcial de 13-7 e cunha diferenza que chegou aos 13 puntos xa no último cuarto, o encontro estaba medio sentenciado.

Con todo, chegando ao ecuador do último cuarto, con pouco máis de seis minutos por diante, Ensino borrouse do partido cunha desconexión que chegou a poñer en dúbida a vitoria dos lucenses, que apertaron os dentes ante a falta de lucidez na recta final para alzarse coa vitoria final.

Próxima xornada

O Ensino despedirá o que será sempre un 2019 histórico polo ascenso á máxima categoría júnior,

Tres partidos nun disputou o Ensino en Ourense para alzarse coa sexta vitoria, que mantén aos de Adrián González instalados de cheo en postos de play off á falta dunha xornada para que finalice a primeira volta na Liga Galega júnior masculina.

Os lucenses prepararon o encontro sabendo onde podían sacar vantaxes ante COB, pero ao longo da primeira parte tiveron demasiados altibaixos no

1

DEBUT DE TSHUNZA

O xogador, aínda en idade cadete, asinou 12 puntos no seu primeiro encontro na Liga Galega júnior masculina e tivo moita presenza en ambas pinturas

14

PUNTOS DE CRISTIAN

máximo anotador nun encontro no que Hugo Rey, Olloqui e Tshunza, con 10, 11 e 12 puntos respectivamente, tamén remataron en dobre díxits

recibindo a Bosco Salesianos antes do parón de Nadal. Unha vitoria lucense deixaría a un rival directo polo play off a catro vitorias de cara á segunda volta da Liga Galega júnior masculina.



Hugo Rey marcando unha xogada nun partido no Anexo

Estudiantes voou e remontou tralo descanso ante Allariz

16-34 NO TERCEIRO PARCIAL, no que os de Pablo Abuín puxeron o listón defensivo moi alto e anotaron ata 6 triplas ata deixar sentenciado o encontro

"SACAMOS ADELANTE UN PARTIDO COMPLICADO EN UNA PISTA DIFÍCIL Y ANTE UN COMPLICADO RIVAL"

PABLO ABUÍN - Estudiantes

ALLARIZ	ESTUDIANTES
72	89
Xogador	PTS
Fernández	Carlos
Varela	Cabe
González	Jorge
Bobillo	Diego
Vasalo	Lucas
Cid	Adrián
Rodríguez	Pedro
Alvarez	Borja
Garrido	
Feijoo	
Gil	



Pablo Abuín aplaudindo unha acción na banda xunto a Jorge, Anxo e Iván Cabezudo

Importante triunfo de Estudiantes en Allariz, nun partido no que Pablo Abuín tan só contou con oito xogadores dispoñibles e no que os lucenses chegaron a estar 13 abaixo no primeiro cuarto. Con todo, a reacción tralo descanso foi contundente cun terceiro cuarto no que voaron sobre a pista.

De inicio os ataques impuxéronse ás defensas

e Allariz sacou tallada diso cun primeiro parcial no que os locais chegaron a mandar por 13 puntos e que Estudiantes conseguiu maquillar ata o 30-23 co que finalizaron os primeiros 10 minutos.

No segundo, Pablo Abuín suscitou unha defensa zonal coa que secaron a Allariz en ataque, e que propiciou roubos e canastras en rápidos transicións para pechar o segundo parcial

en 15-17 e chegar ao descanso 45-40 no marcador. Estudiantes esperou do soño a Allariz ao comezo da segunda parte, asinando un espectacular terceiro parcial no que a defensa celestes chegou

a desesperar aos locais, mentres que en ataque atopáronse vías para anotar con porcentaxes moi altas de acerto.

O 16-34 do terceiro cuarto puxo por diante a Estudiantes, pero os celestes, malia ter o encontro sentenciado, non baixaron o listón defensivo ata o final e deixaron a Allariz en tan só once puntos nos últimos dez minutos de xogo.

Próxima xornada

Estudiantes despedirá o 2019 en casa, recibindo no Anexo a Basket Ferrol no penúltimo encontro dunha primeira volta na que os celestes mantéñense coas espadas en todo o alto para seguir optando ao título Galego júnior masculino.

-13

NO PRIMEIRO CUARTO no que Allariz sacou tallada duns primeiros minutos nos que os ataques se impoñen con claridade ás defensas. Os dez primeiros minutos remataron con 30-23

+20

TERCEIRO PARCIAL A volta dos vestiarios Estudiantes varreu da pista a Allariz cunha defensa moi intensa e con acerto no tiro, asinando ata 6 triplas

1

DERROTA

A falta de dúas xornadas para o remate da primeira volta Estudiantes mantense coas espadas en todo o alto para intentalo asalto ao título de Liga nunha segunda volta con duelos directos que serán decisivos



A celeste Claudia nunha acción de un para un



Celia trata de coar entre dúas xogadoras rivais



Marta Rubal nunha acción de contraataque celeste

Gran punto e final ao 2019

ESTUDIANTES EVITOU A RELAXACIÓN e asinou unha nova vitoria para manterse no segundo posto da táboa, confirmándose como única alternativa á hexemonía de Peleteiro

ESTUDIANTES		GIRALDO	
71		31	
Xogadora	PTS.	Xogadora	PTS.
Lian		Millán	
Iria		Del Río M.	
Celia		Del Río C.	
Candela		Torre	
Enma		Pérez	
Maria		Juequen	
Marta F.		Otero Z.	
Claudia		Otero A.	
Laura		Ferreira	
Carla			
Marta R.			

"SEGUIMOS CON MUCHAS GANAS DE SEGUIR TRABAJANDO PARA SER EL MEJOR EQUIPO POSIBLE A FINAL DE TEMPORADA" FERNÁN VARELA - Estudiantes

Estudiantes mantense segundo e como principal alternativa ao primeiro posto que ocupa un Peleteiro con pleno de vitorias nas xornada disputadas. Tamén gañou Estudiantes e fixoo con claridade nun partido trampa e que

podería invitar á relaxación ante o último clasificado no Anexo.

A posta en escena celeste foi moi boa e froito diso Estudiantes tomou vantaxe no marcador desde os primeiros minutos, mentres que no

segundo cuarto, Giraldo conseguiu cortar a san-gría.

Xa na segunda parte, co partido sentenciado, Estudiantes fixo o máis difícil, manter en todo momento a intensidade á marxe da diferenza que indicaba o marcador para pechar un partido moi completo, no que as de Fernán Varela exhibiron o bo momento polo que atravesan coa

súa segunda vitoria consecutiva para despedir o 2019.

Próxima xornada

Estudiantes volverá á competición tralo parón de Nadal, visitando en Ferrol a Costa Artabra no primeiro encontro do 2020 no que poden deixar practicamente sentenciado o pase para o Campionato Galego cunha vitoria.

6

VICTORIAS EN 8 PARTIDOS

Estudiantes chega a fin de ano instalado na segunda posición da Liga Galega cadete feminina tras oito encontros disputados, por detrás tan só de Peleteiro, que mantén o pleno de vitorias no que vai de tempada

O líder puxo terra polo medio axiña

UN 6-20 NO PRIMEIRO PARCIAL obrigou a remar contracorrente ao Ensino

ENSINO		PELETEIRO	
51		65	
Xogadora	PTS.	Xogadora	PTS.
Enma	3	Filgueiras	
Paula H.	25	Mújico	
Eva Pardo	19	Sanmartín	
Sabela	2	Moure	
Lucía	3	Martínez	
Silvia		Rivas	
Carla		Carmen	
Leyre		Fidalgo	
Lorena		Rodríguez	
Carolina		Pardo	
Laura		Abalo	
Carla			

"UN MAL INICIO DE PARTIDO NOS LASTRÓ DURANTE EL RESTO DEL ENCUENTRO. TUVIMOS CIERTA CAPACIDAD DE REACCIÓN PERO DEBEMOS SER MÁS CONSTANTES" DAVID MARTÍNEZ/AIGOR ROMO - Ensino



Eva Pardo subindo o balón ante Carmen



Carolina presionando a monfortina Carmen Suárez

O Ensino caeu ante o líder invicto da Liga Galega cadete, un Peleteiro que puxo terra polo medio no marcador cun parcial inicial de 6-20 nos primeiros dez minutos nos que mostraron todo o seu potencial.

As boas noticias para Ensino chegaron tralo primeiro cuarto, xa que a reacción lucense fixo que os tres últimos parciais se disputasen de poder a poder, 16-12, 15-14 e 14-19.

A defensa, tras facer augas no primeiro cuarto, deu un paso á fronte e con iso atacouse mellor para anotar con fluidez e impoñerse no segundo e terceiro parcial.

Ensino loitou por recortar distancias ante un equipazo que terminou con sete triplas e anotando

canastras de mérito cada vez que as lucenses intentábanse achegar no marcador.

Ribadeo, o equipo de moda da Liga

CUARTA VICTORIA CONSECUTIVA e cuarto posto para despedilo 2019

RIBADEO		B. FERROL	
67		59	
Xogador	PTS.	Xogador	PTS.
Iker	21	Ferreira	
Anxo	4	Martínez	
Cristian	9	Bellas	
Dario	8	Gómez	
Joaquín	4	Ojea	
Manu	21	Gil	
Simón		Castro	
		Valenciano	
		Lamas	
		Romero	

"MUY CONTENTO POR LOS CHICOS, PORQUE TRAS UN INICIO DE TEMPORADA LASTRADO POR LAS CONTINUAS LESIONES, HEMOS ENCADENADO CUATRO VICTORIAS CONSECUTIVAS QUE EL EQUIPO SE MERECE POR EL TRABAJO QUE LLEVAN REALIZADO" SAMA - Ria de Ribadeo



Sama felicitando aos seus xogadores tras unha vitoria

O Ria de Ribadeo é o equipo de moda na Liga Galega tras enlazar catro vitorias consecutivas, as dúas últimas tras impoñerse ao Ensino no derbi aprazado nunha oda ao esforzo por parte dos de Sama, logo de impoñerse na prórroga, e a última tras gañar a Basket Ferrol nun partido no que a defensa da segunda parte e manter a cabeza fría nas posesións quentes foron os factores desnivelantes.

Os partidos ante Basket Ferrol adoitara caracterizarse pola dureza, e este non foi unha excepción. Carlos Gil liderou unha vez máis aos ferroláns, sobre todo nunha primeira parte na que Ribadeo tivo pro-

blemas coa carga de faltas ao dispoñer Sama dunha rotación de tan só sete xogadores ante a ausencia de Dani.

Ao descanso chegouse con 47-48 no marcador, pero na segunda parte, cando o esforzo e a acumulación de minutos podía pasarlle factura a Ribadeo, que volveu dar unha exhibición de compromiso.

Subiron o listón defensivo e deixaron a Ferrol en tan só 23 puntos, coí-dáronse de comer faltas e chegaron aos minutos finais cunha renda de máis 5 que souberon administrar ata o final para asinar a súa cuarta vitoria consecutiva e terminar o histórico 2019 no corte dos catro primeiros para disputar o Galego cadete.

Estudiantes chega líder da Liga Galega ao parón

OS DE JAVI PEINÓ, EMPATADOS CON SAN CIPRIÁN NO MÁIS ALTO, puxeron fin á resistencia de Basquet Coruña en canto comezaron a xogar serios no Anexo

ESTUDIANTES		BASQUET C.	
76		55	
Xogador	PTS	Xogador	PTS
Andrés		Gil	
Mikel	23	Díaz	
Simón	10	Fernández	
Alvaro	14	Dominquez	
Dani	7	Martínez	
Oscar	6	Villanova	
Lucas	11	Varela	
Cristian		Gontá	
Rafa	5	Pérez	
German			
Brais			



Mikel, autor de 23 puntos, entre catro rivais



Cristian trata de superar a un rival nun contraataque

Estudiantes pasará o Nadal no máis alto da clasificación da Liga Galega cadete, competición que lideran empatados a vitorias con San Ciprián, pero por encima dos mariños tras impoñerse no duelo directo.

O conxunto que dirixe Javi Peinó será o rival a bater na segunda fase da tempada, pero como demostraron ante Coruña, eles mesmos son o seu peor inimigo.

A medio gas Estudiantes é vulnerable, pero en canto se pon o mono de traballo

en defensa e xogan serios en ataque, marcan as diferenzas.

Ante Basquet Coruña houbo de todo. Un parcial inicial de 2-11 que castigou a falta de intensidade, e tras poñerse por diante na primeira parte, os herculinos mantivéronse no partido ao cometer Estudiantes demasiados erros. Xa na segunda parte a defensa estivo ao seu nivel e o ataque, sen

“LLEGAMOS AL PARÓN NAVIDEÑO CON BUENAS SENSACIONES Y CON GANAS DE SEGUIR CRECIENDO COMO EQUIPO EN LO QUE RESTA DE TEMPADA”

JAVI PEINÓ - Estudiantes Leyma

floriturus, para despegar no marcador cun parcial de 20-10 e sentenciar o encontro para chegar líderes ao parón.



Alvaro penetrando a canastra entre dous defensas

San Ciprián volveu á senda da vitoria con boas sensacións

SEN RELAXACIÓN para impoñerse ao último clasificado e manterse colíderes

SAN CIPRIÁN		C. ÁRTABRA	
77		55	
Xogador	PTS	Xogador	PTS
Dani		Fuente	
Diego	6	López	
Carlos	2	Altamira	
Marcos		Couce	
Mario	15	Pulpeiro	
Hugo	25	Lage	
Manu	12	Morate	
Antón	17	Carro	
		Fernández	

“FELICITO A TODOS LOS JUGADORES POR MANTENER LA INTENSIDAD”

MANOLO COBAS - San Ciprián

O Distribuciones Carreiras San Ciprián saíu fortalecido desta xornada trampa que afrontaron os de Manolo Cobas na Liga Galega cadete. Os mariños, tras perder o seu primeiro encontro ante Estudiantes no derbi, recibían ao último clasificado, un Costa Ártabra que no partido de ida vendeu moi cara a derrota ante un San Ciprián que, lonxe de relaxarse, asinou un partido moi completo para volver á senda da vitoria.

Os de Manolo Cobas tiveron unha boa circulación de balón para atopar posicións cómodas de tiro, ademais de ter acerto desde a liña exterior con 9 triplos anotados. San Ciprián pechou ben o rebote e o xogo interior tamén estivo a un bo nivel, como o estiveron Manu e Dani con minutos de calidade ante as ausencias de Miguel e Manuel, lesionados.

San Ciprián tan só perdeu o segundo parcial, máis por méritos de Costa Ártabra que por deixamento local, xa que tiveron porcentaxes de acerto moi altas ante tiros punteados polos mariños.

22-12, 15-16, 22-12 e 19-15 para asinar o definitivo 77-55 co que San Ciprián volveu á senda da vitoria no primeiro encontro da segunda volta na Liga Galega cadete masculina.

Próxima xornada

San Ciprián despediu un histórico 2019 e volverá á competición en 2020 recibindo a Culleredo na Veiga.

Ensino recuperou o pulso tras perdelo no derbi ante Ribadeo

VITORIA BALSÁMICA logo de caer na prórroga do derbi aprazado. Os lucenses, cun último cuarto espectacular -34-7- puxeron fin á resistencia de Culleredo

ENSINO		CULLEREDO	
99		58	
Xogador	PTS	Xogador	PTS
Yoel	3	García	
Samuel	3	Seoane	
Duran	20	Cuadrado	
Ruano	5	Iglesias	
Martínez	3	López	
Carreira		Rodríguez	
Garabito	3	Ferrer	
Juan Bao	8	Gauoso	
Alex Bao		Val	
Joel	10	Abeal	
Seny	21		
Tshunza	23		

“UN GRAN ÚLTIMO CUARTO DEFENSIVO NOS PERMITIO CONSEGUIR UNA VICTORIA MUY IMPORTANTE” ADRIÁN GONZÁLEZ - Ensino Lugo

no que á defensa custoulle asentarse, pero aos poucos o equipo daba síntomas de ir crecendo con dous parciais a favor de 20-18 e 25-13 e 45-31 ao descanso.

A posta en escena na segunda parte foi boa, pero Culleredo castigou cada despiste lucense para manterse con vida no partido

tras un terceiro parcial de 20-20.

Lonxe de soñar coa remontada os visitantes víronse arroiados no último parcial por un equipo compacto, defensivamente perfecto e con moitas vías para anotar ata desnivelar o marcador cun claro e contundente 34-7 final.



Joel López facendo unha bandexa rodeado de rivais



Juan Bao busca un pase nun dous para un



A nova incorporación, Tshunza, finalizando unha entrada

Ensino voou nun último cuarto que servirá de referencia para o resto de tempada, cunha defensa brillante e un ataque demolidor. Todo iso para curar a ferida aberta que deixou a derrota no derbi Provincial en Ribadeo, onde os de Adrián González caeron na prórroga dun partido que foi a antípoda do visto nos dez últimos minutos deste encontro.

A Ensino custoulle entrar en calor, cun primeiro parcial

Burela reina no derbi Provincial

O ACADEMIA A MARIÑA gañoulle a partida táctica a un Estudiantes que dispuxo de dúas últimas posesións para empatar, ou incluso gañar, un encontro no que as de Nacho e Juanma foron mellores



Henar a piques de superar a presión en media pista

ESTUDIANTES		CB BURELA	
60		62	
Xogadora	PTS.	Xogadora	PTS.
Martin		Henar	8
Álvarez A.		Sara	25
Castro		Zaida	2
Álvarez P.		Emma	13
Piñeiro		Laura	
Prado		Lucía	4
López		Cecilia	3
Blanco		Sabela	7
Abello		Paula	2
Bernardo			
González			

“EL TRABAJO SIEMPRE DA SUS FRUTOS. ENHORABUENA AL EQUIPO POR UNA GRAN VICTORIA COMO LA QUE CONSIGUIÓ”
NACHO MOTA / JUANMA LÓPEZ
Academia A Mariña Burela

cesto, disputando posiblemente os mellores minutos da tempada con intensidade defensiva e movendo o balón con moita claridade de ideas ata atopar tiros liberados ou forzando faltas en penetracións, co único lunar do acerto no tiro libre.

Ao descanso chegouse con 21-32 e na segunda parte, Laura e Sara puxéronse ao mando das operacións de cada equipo cun intercambio de canastras para chegar ao último parcial con máis 12 para un Burela ao que lle entrou vértigo trala última derrota nos minutos finais, ademais de chegar xustas de efectivos tralas expulsións por faltas de Paula e Enma. Estudiantes buscou a remontada, pero Burela gañou a partida cunha defensa de manual, evitando que as capitalinas empatasen ou ata gañasen nas dúas últimas posesións.



A burelá Sara adentrándose na pintura



Lucía coa pelota nunha acción de ataque mariñá



Cecilia a piques de finalizar unha entrada a canastra

Maristas recibe o parón con gusto

NOVA DERROTA dos colexiais, que terán deberes durante as vacacións

CULLEREDO		MARISTAS	
66		59	
Xogador	PTS.	Xogador	PTS.
Golpe		Mauro	2
Abelleira		Néstor	9
Vía		Miguel	6
Gómez		David	1
Santiso		Samuel	14
Moretti		Gabriel	4
Hernández		Alexis	2
Alonso		Jorge	
Morales		Julián	21
Blanco			
Martínez			

“OTRA VEZ TIRAMOS LA PRIMERA PARTE. NO HAY DISCULPA POSIBLE ESTA VEZ” R. ENGRUBA - Maristas



Rubén Engroba dando instrucións aos seus

Maristas volveu caer nos mesmos erros que lastraron aos de Rubén Engroba ante Narón e Santiago, coa excepción de que Culleredo non conta coa potencia dos dous primeiros conxuntos. Os colexiais reciben de bo grado o parón á espera de recuperar sensacións nos adestramentos para volver máis fiables á competición en 2020.

Durante a semana Engroba incidiu en como saír da presión que sabía que suscitaría Culleredo pero a posta en escena foi un horror. Parcial inicial de 12-2 e tempo morto obrigado para cortar a sangría.

A partir de aí, sen chegar a estar a bo nivel en ningún

momento, a mellor noticia é que Maristas chegou ao descanso con 40-27 no marcador.

Trece abaixo que se quedou en tan só 3 puntos de diferenza tras un terceiro cuarto no que Maristas si que foi reconscible. Os lucenses defenderon lonxe do aro e aos poucos foron recortando distancias de cara aos últimos dez minutos.

As alarmas acendéronse coa cuarta falta de Julián e Samuel, referencias ofensivas que continuaron en pista pero foron expulsados ambos coa quinta falta nos primeiros minutos do último parcial.

Maristas quedouse sen pegada e Culleredo non deixou pasar a oportunidade de sentenciar o encontro cun último parcial de 14-9.

Estudiantes xoga coma adestra

A DEFENSA guiou aos de Nico Fernández no último partido do 2019

ESTUDIANTES		MONTROVE	
86		55	
Xogador	PTS.	Xogador	PTS.
Brais	14	Baleato	
Santi	23	Vilarino	
Mateo	3	Boo	
Isma		González	
Dani	3	Baleato	
Pablo		Gómez	
Leo	4	Calvo	
Bernal	4	Fernández	
Rozas			
Serguei	33		
Mario	2		

“GRAN PARTIDO DEL EQUIPO, EL TRABAJO EN LOS ENTRENAMIENTOS CADA VEZ SE VE MÁS REFLEJADO SOBRE LA PISTA”
NICO FERNÁNDEZ - Estudiantes



O celeste Santi coa pelota buscando a un compañeiro

Estudiantes despediu o 2019 cunha nova vitoria que deixa aos de Nico Fernández no segundo posto da clasificación tras plasmar ante Montrove en partido a boa dinámica de adestramentos. Ademais, Serguei, tralo seu paso pola Minicopa competindo con Valencia, volveu sendo igual de determinante.

A defensa guiou aos celestes desde o inicio cun parcial de 21-8 co que tomaron o mando do encontro. No segundo e terceiro cuarto, Montrove, a base de acerto en tiros ben defendidos, plantou batalla. Pero Estudiantes mantivo un listón de esixencia que o seu rival non puido manter na recta final do encontro.



Serguei nunha acción de contraataque no Anexo

Álvaro Ben puxo o broche de ouro ao 2019 con 42 puntos

O BASE REMATOU AO GRANDE UN ANO PARA O RECORDO no que recibiu a chamada da Selección española, foi habitual no combinado galego e alzouse co título autonómico alevín a pasada campaña

CELTAS FOZ		C. ÁRTABRA	
77		55	
Xogador	PTS	Xogador	PTS
Alvaro	42	Gómez	
Nico	8	Mathew	
Dario	9	Cotovad	
Javi	10	Botana	
Lucas	8	Pulpeiro	
Esteban		Villadonga	
Chris		Carro	
Alonso		Brage	
Mario		Lobo	
		Pena	
		Montaos	

"LA BUENA DEFENSA QUE REALIZAMOS NOS PERMITIÓ CORRER Y ANOTAR EN RÁPIDAS TRANSICIONES" ARMANDO - Celtas de Foz

dereito de debutar nunha Primeira División preinfantil competición na que os de Armando terminan a primeira volta instalados no corte dos equipos que accederían a disputar o título Galego.

Dentro do espectacular 2019 do conxunto mariño destaca Álvaro Ben, que asinou no último encontro 42 puntos para poñer o broche de ouro a un ano dificilmente de superar no que recibiu a chamada da Selección Española U-12, foi un fixo na Selección Galega e compoñente do equipo que se coroou rei galego alevín.

Costa Ártabra foi o último rival este ano dun Celtas que despregou as súas virtudes ao longo do

encontro, cunha intensa defensa que lles permitiu realizar o xogo no que máis a gusto se atopan, con rápidas transicións.

O 27-11 do primeiro parcial xa poñía de cara o encontro. Mentres que pese a perder os dous seguintes parciais, 14-21 e 13-17, Celtas realizou un bo baloncesto, lastrado no marcador polas baixas porcentaxes de acerto.

Costa Ártabra meteuse na loita polo partido, pero no último cuarto Celtas volveu despregar a súa mellor versión e puxo fin ao amago de remontada ferrolá cun claro e contundente 20-6 nos dez últimos minutos para despedir ao grande o que xa é un 2019 histórico para o club mariño.

4º

POSTO NA TÁBOA

Coa primeira volta da Liga Galega preinfantil disputada, Celtas está instalado no corte dos catro primeiros que se clasificarían para disputalo Galego infantil

42

PUNTOS DE ÁLVARO

Celtas xogou coma máis a gusto se encontra, con boa defensa, roubos e saíndo en rápidas contras nas que Álvaro foi letal ao longo do encontro

U12

SELECCIÓN ESPAÑOLA

O base mariño recibiu esta tempada a chamada para participar en Guadalajara na concentración Operación Talento 2019



Álvaro Ben co balón nun encontro desta tempada

Outro encontro decidido na prórroga

3 DOS 6 PARTIDOS disputados polo Burela remataron con tempo extra

CB BURELA		C. ÁRTABRA	
76		89	
Xogadora	PTS.	Xogadora	PTS.
Henar	15	Lorenzo	
Candela	40	Porto	
Laura	12	Cumbrao	
Marta	2	Baldonero	
Sara	4	Baena	
Aroa	2	Gómez	
Lucía M.		Pérez	
Lucía L.		Vigo	
Paula		Carvajal	
		Couce	
		González	
		Abejón	

"FELICITO AS XOGADORAS POLA PRIMEIRA VOLTA QUE REALIZARON. SOMOS DIGNOS DESTA CATEGORÍA, QUE ESTA SENDO PRECIOSA E MOI IGUALADA" MADAR - Academia A Mariña Burela



Carlos Madar dá instrucións no banquiño

O Academia A Mariña Burela volveu plantar batalla na Liga Galega preinfantil, competición na que a igualdade está fóra de toda dúbida, como o esta que o conxunto de Carlos Madar está para competir en calquer pista e ante calquer rival. Unha proba diso é que os tres últimos encontros do Burela tiveron que resolver na prórroga.

O último ante Costa Ártabra en Vista Alegre, nun encontro no que as visitantes empezaron mellor cun parcial de 1-11 aos tres minutos. A partir de aí, Burela tirou de calidade e carácter para empatar o encontro a 20

ao final do primeiro cuarto. Burela foi o resto do encontro facendo a goma por detrás no marcador, pero sen descolgarse en ningún momento ante o lider da competición.

O conxunto mariño chegou con vida o desenlace final e forzou unha nova prórroga, a terceira consecutiva. No tempo extra Costa Ártabra chegou con máis frescura e

40

PUNTOS DE CANDELA

Dentro do xogo coral do Burela, neste encontro Candela foi imparabile durante moitos momentos para Costa Ártabra en Vista Alegre

menos carga de faltas para desnivelar o marcador final nun partidazo en Vista Alegre.

Esfuerzo encomiable ata o final

ESTUDIANTES volveu acusar os altibaixos, pero non cesou na loita

ESTUDIANTES		B. CORUÑA	
48		63	
Xogador	PTS.	Xogador	PTS.
Eloy	2	González	
Bosco	2	Lorenzo	
Pablo	2	Soto	
Diego		Fernández	
Martin	7	Sánchez	
Lucas	2	Fraga	
Manu	1	Vázquez	
Iverson		López	
Varela	6	García	
Samu	17	Villar	
Uxio	9	Neira	

"MORIR CON LAS BOTAS PUESTAS"

PABLO RODRÍGUEZ - Estudiantes

Estudiantes caeu ante Basquet Coruña nun partido no que foron a remolque do marcador e acusaron as baixas porcentaxes de acerto no tiro exterior, pero non deixaron de loitar por cada balón ata o último segundo.

Nos primeiros minutos a defensa careceu de dureza e os herculinos tomaron as primeiras vantaxes, 12-19. No segundo cuarto Estudiantes púxose o mono de traballo en defensa e conseguiu igualar as forzas, 14-13.

Tralo descanso os celestes volveron ir de menos a



O sarriao Uxio foise ata os 9 puntos neste encontro



Bosco a piques de finalizar unha entrada a canastra

máis. Nos primeiros minutos encaixaron 12 puntos seguidos cos que Basquet Coruña puxo rumbo fixo

cara unha vitoria que tiveron que loitar ata o final ante a insistencia de Estudiantes.

Cidade e Viveiro leváronse os derbis

NOS DUELOS PROVINCIAIS as capitalinas sumaron o seu terceiro triunfo contra Ensino Galén. As mariñas superaron a Franciscanos

INFANTIL 2ª DIV. FEMININO 01						
RESULTADOS						
Ensino Galén - Cidade	53-64					
Ensino 06 - Pontumio	41-69					
Baxi Ferrol S - A. Sarria	33-34					
Baxi Ferrol R - Stos Sarria	32-82					
Franciscanos - CB Viveiro	45-54					
CLASIFICACIONES						
Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
STOS. SARRIA	7	6	1	0	456	236
PONTUMIO	6	6	0	0	358	120
CB VIVEIRO	7	4	3	0	321	387
BAXI FERROL S	6	4	2	0	320	239
FRANCISCANOS	7	3	4	0	309	396
AGRASAR SARRIA	6	3	3	0	225	272
CIDADE DE LUGO	6	3	3	0	262	318
ENSINO LUGO 06	6	3	3	0	345	300
KFC BBKA	6	2	4	0	317	339
BAXI FERROL R	6	1	5	0	303	406
ENSINO GALÉN	7	0	7	0	194	397
PRÓXIMA XORNADA						
CB Viveiro - Ensino Galén						
Stos. Sarria - BBKA						
Agrasar Sarria - Baxi Ferrol R						
Pontumio - Baxi Ferrol S						
Cidade Lugo - Ensino 06						

Unha xornada máis Saneamientos Sarria mantense no máis alto da táboa, tras superar nesta

ocasión a Baxi Ferrol R a domicilio. As sarriás pecharán o ano no primeiro posto de impoñerse a próxima fin de semana a KFC BBKA no Novo Chanto.

Castro Agrasar, pola súa banda, sumou a segunda vitoria consecutiva tras gañar pola mínima a Baxi Ferrol S 33-34, e a vindeira xornada terán a posibilidade de ampliar a xeira de impoñerse a Baxi R no derradeiro partido do ano.

Nos dous derbis provinciais da xornada, Cidade superou a Ensino Galén por 53-64, mentres que Carferlo Viveiro fixo o propio ante Franciscanos no Anexo. 45-54. As mariñas enfrontaranse a Ensino Galén a próxima fin de semana, mentres que Cidade medirase a



Donar Rivas dando instrucións ás súas xogadoras

Ensino 06. Ambos equipos teñen un balance de tres vitorias e outras tantas derrotas.

As ensinistas caeron esta fin de semana fronte a Pontumio -41-69- e buscarán no derbi capitalino revertir a xeira de tres xornadas sen coñecer a vitoria.

1

XORNADA MÁIS

A próxima fin de semana será a última do 2019 para a categoría infantil, masculina e feminina. Un total de 10 partidos na categoría pecharán o ano



Claudia, Ensino 06, nunha acción de contraataque



Idiaria con vantaxe por diante dunha xogadora rival



A ensinista Emma nunha acción de dous para un



Samuel, Sagrado Corazón, ante o sarriao Mateo



Julián coa pelota ante Sergio, Xabelo e Álvaro

O Ría de Ribadeo recupera o liderado da categoría

O TROPEZO DE IF PODOLOGÍA e o triunfo dos mariños contra Burela devolveos ao máis alto da táboa, con sete vitorias e unha derrota



Jorge trata de superar a presión de Sergio

Os de Jose Vázquez leváronse o derbi mariño por 68-33 e recuperaron así o primeiro posto que ocupaba IF Podología CB Sarria, que caeu ante Sagrado Corazón.

O encontro en Ribadeo quedou sentenciado nos primeiros vinte minutos, 43-17, tras unha gran primeira parte dos locais. Moi concentrados, impuxeron dende o inicio o seu ritmo de xogo con supe-

rioridade física baixo o aro para anotar con moita facilidade. Así, no primeiro cuarto fixeron un parcial de 26-10 e no segundo deixaron a Burela en só sete puntos.

Tralo intermedio as rotacións baixaron un pouco o ritmo do partido e Ribadeo mantivo a vantaxe no marcador para levarse o encontro. A próxima fin de semana será clave para os intere-

INFANTIL 2ª DIV. MASCULINO 01						
RESULTADOS						
Sagrado - IF Sarria	81-30					
Ría Ribadeo - M. Burela	68-38					
CB Viveiro - Ensino Galén	56-44					
MGR Sarria - Estudiantes	38-50					
Franciscanos - Cidade Lugo	65-63					
CLASIFICACIONES						
Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
CB RIA RIBADEO	8	7	1	0	478	227
FRANCISCANOS	7	7	0	0	442	271
IF CB SARRIA	8	6	2	0	505	339
CIDADE DE LUGO	8	5	3	0	405	289
MARINA BURELA	8	4	4	0	522	451
A. X. SAGRADO	7	5	2	0	442	202
CARFERLO VIVEIRO	8	3	5	0	257	387
ENSINO GALÉN	8	1	7	0	205	505
ESTUDIANTES	8	1	7	0	245	490
MGR CB SARRIA	8	0	8	0	149	489
PRÓXIMA XORNADA						
Cidade - Sagrado						
Estudiantes - Franciscanos						
Ensino Galén - MGR Sarria						
Mariña Burela - CB Viveiro						
IF Sarria - Ría Ribadeo						



Sergio defendido por Gabriel nunha acción de IF Podología

ses dos mariños e para IF Podología, ao enfrontarse no Novo Chanto co primeiro posto no punto de mira.

Os sarriaos caeron fronte a Sagrado Corazón

1

DUELO NO ALTO DA TÁBOA

A próxima fin de semana Ribadeo e IF Podología enfrontaranse no Novo Chanto, nun encontro no que estará de novo en xogo o primeiro posto

Burela suma a segunda vitoria no duelo máis igualado

TRAS SUPERAR A FRANCISCANOS por 59-53. Carferlo Viveiro tamén logrou o segundo triunfo do curso ante Ensino Galén, 43-32. O líder, Ensino Lugo, segue coa súa impecable folla de ruta

CADETE 2ª DIV. FEMININO	
RESULTADOS	
CB Viveiro - Ensino Galén	43-32
M. Burela - Franciscanos	59-53
Lourenzà - BBCA	37-56
Tirso Molina - Ensino Lugo	44-80
Baxi Ferrol - Estudiantes	80-57

CLASIFICACIONES	
Equipo	X G P NP PF PC
ENSINO LUGO	8 8 0 0 489 295
BAXI FERROL	7 7 0 0 538 273
KFC BBCA	7 5 2 0 333 309
PONTUMIO	6 5 1 0 353 247
TIRSO DE MOLINA	8 3 5 0 369 435
ESTUDIANTES	6 3 3 0 373 325
CB VIVEIRO	7 2 5 0 333 410
MARIÑA BURELA	7 2 5 0 322 383
LOURENZÀ	7 2 5 0 272 409
FRANCISCANOS	7 2 5 0 271 337
ENSINO GALEN	8 0 8 0 270 500

PRÓXIMA XORNADA	
Ensino Galén - Ensino Lugo	
Baxi Ferrol - Pontumio	
BBCA - Estudiantes	
Franciscanos - Lourenzà	
CB Viveiro - Mariña Burela	

Nos dous derbis provinciais da xornada os triunfos foron locais e ambos

serviron para que os dous conxuntos vencedores sumaran a súa segunda vitoria en dous partidos de resultado axustado.

Carferlo Viveiro superou a Ensino Galén 43-32, mentres que CB Burela levou o triunfo contra Franciscanos por 59-53 grazas á súa gran mellora en ataque e á aportación de Lucía e Paula, con 20 puntos cada unha. As de Nacho Mota pecharán o 2019 cun derbi mariño en Viveiro a próxima fin de semana.

O líder, Ensino Lugo, sumou o oitavo triunfo noutros tantos encontros tras gañar a Tirso de Molina 44-80, e na derradeira xornada do 2019 mediránse a Ensino Galén no derbi de club.

Lourenzà caeu en casa ante BBCA por 37-56, mentres que Estudiantes o fixo ante Baxi Ferrol, 80-57. As celestes enfróntanse a próxima fin de semana a BBCA, mentres que as laurentinas visitarán a Franciscanos.

8

TRIUNFOS

Noutros tantos encontros suma Ensino, que pode pechar o ano invicto de vencer na última xornada do 2019 a Ensino Galén



O banquiño de Burela nun tempo morto desta temporada



A burelã Sofia ante Leyre nun partido no Anexo



Ana, Carferlo Viveiro, finalizando unha entrada



Laura Varela, xogadora do Ensino Lugo, lider da categoría

Ensino 04 pecha o 2019 no máis alto da táboa cunha soa derrota en sete partidos



Pablo, Estudiantes 04, defendido por Carlos



Alessa coa pelota ante Leo, Serguei e Victor

NA ÚLTIMA XORNADA DO ANO os ensinistas superaron a Oral Design no duelo polo primeiro posto, tras unha primeira parte moi igualada

Primeira xornada da segunda volta, antes do parón de Nadal, ao que o conxunto adestrado por Aarón Romo chega no primeiro posto. Os capitalinos leváronse o duelo do Novo Chanto ante Oral Design, nun partido de máxima igualdade ao longo da pri-

meira metade, con dous parciais de 22-20 e 14-18 que deixaban todo por decidir de cara á segunda metade.

O conxunto sarriao soubo sobrepoñerse á súa inferioridade física, pechando ben o rebote e cunha gran intensidade en defensa que lles permitía

roubar e finalizar accións ao contraataque con moito criterio. Tralo descanso, con 36-38 a favor de Ensino, Oral Design acusou as baixas porcentaxes de acerto en lanzamentos de media e longa distancia, algo que os capitalinos aproveitaron para abrir unha importante brecha no marcador para chegar aos últimos dez minutos 52-69.

Oral Design recortou distancias no último cuarto, pero a carga de faltas non lles permitiu loitar pola vitoria nos últimos lances do xogo, quedándose o resultado en 83-94 para Ensino 04.

No derbi de club entre Estudiantes 04 e Estudiantes 05, vitoria para o "irmán maior" por 55-71. No duelo entre Celtas Foz e Ensino

CADETE 2ª DIV. MASCULINO 02	
RESULTADOS	
Design Sarria - Ensino 04	83-94
Est. 05 - Est. 04	55-71
CB Celtas - Ensino 05	44-79

CLASIFICACIONES	
Equipo	X G P NP PF PC
ENSINO LUGO 04	7 6 1 0 517 442
DESIGN SARRIA	7 5 2 0 604 373
A. X. SAGRADO	6 5 1 0 402 351
ESTUDIANTES 04	7 4 3 0 427 428
ENSINO LUGO 05	7 3 4 0 438 459
ESTUDIANTES 05	7 1 6 0 422 549
CB CELTAS FOZ	7 0 7 0 326 534

PRÓXIMA XORNADA	
Ensino 04 - CB Celtas	
Ensino 05 - AX Sagrado	
Estudiantes 04 - Design Sarria	



O celestes Alexandre coa pelota defendido por David

05 os capitalinos sumaron o seu terceiro triunfo tras superar aos mariños por 44-79.

Ensino e Ribadeo, a un triunfo da segunda fase

AMBOS EQUIPOS ENFRÓNTANSE a próxima fin de semana, pero Ribadeo ten pendente os duelos aprazados contra Baxi Ferrol e Estudiantes. As celestes tamén teñen opcións ata a última xornada

JÚNIOR 2ª DIV. FEMININO A2

RESULTADOS

Estudiantes - Terra Chá	74-33
Ribadeo - Baxi Ferrol	Apr.
CB Sarria - Ensino Lugo	41-68

CLASIFICACIÓNS

Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
BAXI FERROL	7	7	0	0	470	243
ENSINO LUGO	8	5	3	0	490	334
CB RÍA DE RIBADEO	6	5	1	0	341	248
ESTUDIANTES	7	4	3	0	431	382
C.B. SARRIA	8	1	7	0	320	560
CB TERRA CHÁ	8	0	8	0	237	522

PRÓXIMA XORNADA

CB Sarria - CB Terra Chá
Ensino Lugo - Ria Ribadeo
Estudiantes - Baxi Ferrol

Ambos equipos con-
tan con cinco triunfos,
un máis que Estudiantes,
a falta de dúas xornadas
para o remate desta pri-
meira fase. Baxi Ferrol

xa está clasificado, con sete vitorias noutros tantos encontros, e as dúas prazas restantes ocúpanas agora mesmo mariñás e ensinistas. Un dos dous conseguirá o pase a próxima fin de semana, no enfrontamento directo entre ambos no Anexo, mentres que o outro deberá agardar á derradeira xornada. Nela, Ensino enfróntase a Estudiantes, que pode entrar na ecuación de gañar, mentres que Ribadeo recibe a CB Sarria, sen nada en xogo. Ademais, as mariñás teñen pendente o duelo ante o líder invicto e outro contra Estudiantes.

As celestes impuxéronse esta fin de semana a CB Terra Chá por 74-33



As celestes Adriana e Maria tratan de frear un contraataque

e na próxima xornada reciben a Baxi. Aínda perdendo chegarían con opcións ao enfrontamento directo contra Ensino. Na ida as de Aigor Romo gañaron de tres, pero de non selar a clasificación a próxima fin de semana, a derrota ante as estudiantís podería deixalas fóra.

No outro encontro disputado esta xornada, Ensino superou a CB Sarria no Novo Chanto por 41-68. As de Aigor Romo xa preparan o duelo ante CB Ria de Ribadeo, que a próxima fin de semana, a última con xornada deste 2019 disputará tres encontros.



Maria a piques de superar a presión dunha xogadora rival



Iria Menor nunha acción de ataque Estudiantil



Cris botando a pelota ante unha xogadora de Terra Chá

Os de Aarón Romo estrearon a conta en Sarria

O ENSINO LUGO logrou o seu primeiro triunfo do curso en Novo Chanto, nun igualado encontro ante MGR que rematou 66-71



O sarriao Iaguito no encontro de ida defendido por Sebas

Un só partido disputado no comezo da segunda volta na Liga júnior masculina, que esta fin de semana xogou a última xornada do 2019. O derbi mariño entre Carferlo Viveiro e Ria de Ribadeo programado para este sábado xogarase finalmente o vindeiro 26 de Xaneiro.

O encontro do Novo Chanto entre MGR e Ensino Lugo enfrontaba a dous equipos da parte baixa da táboa. Os sarriaos, cunha

vitoria, e os capitalinos, que aínda non estrearan a conta.

Así, os de Aarón Romo sumaron o primeiro triunfo da temporada para chegar con bo sabor de boca ao parón de Nadal, logo de superar aos locais, con tres cadetes nas súas filas, por 66-71 tras un igualado encontro no que, a falta de 20 segundos, MGR tivo posesión para poñerse por diante.

A competición na cate-

JÚNIOR 2ª DIV. MASCULINO

RESULTADOS

MGR Sarria - Ensino Lugo	66-71
--------------------------	-------

CB Viveiro - Ria Ribadeo	Apr.
--------------------------	------

CLASIFICACIÓNS

Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
CB VIVEIRO	4	4	0	0	301	197
HIERROS FERREIRO	4	3	1	0	308	210
CB RÍA DE RIBADEO	4	2	2	0	295	182
ENSINO LUGO	5	1	4	0	243	345
MGR C.B. SARRIA	5	1	4	0	219	432

PRÓXIMA XORNADA

Ensino Lugo - H. Ferreiro
Ria Ribadeo - MGR Sarria

1º

CLASIFICADO

Trala última xornada do 2019, Carferlo Viveiro lidera a clasificación con catro vitorias noutros tantos partidos. Hierros Ferreiro é segundo, con tres, mentres que Ribadeo ocupa a terceira posición con dous triunfos en catro partidos disputados

1

ENCONTRO APRAZADO

O derbi mariño que debía medir esta fin de semana a Carferlo Viveiro e CB Ribadeo programado para esta fin de semana xogarase finalmente o 26 de Xaneiro

nada do 2020 e volverá á competición o día 17 ante o Hierros Ferreiro, de Óscar Engroba.



1. Líder

BASKET

CADA MARTES
TODA
A INFORMACIÓN
DO BALONCESTO
BASE LUCENSE

BABYBASKET

A ANPA DO COLEXIO ROSALÍA DE CASTRO organizou a primeira concentración da tempada congregando a 10 equipos e preto dun millar de participantes en Friga



O pasado sábado disputouse a primeira concentración babybasket da tempada, baixo réxime de concentración como así dispón o regulamento da categoría. Esta concentración celebrouse en horario matinal no Polideportivo de Friga, cun chan recentemente remodelado e que practicamente se estreaba neste evento.

A organización correu a cargo da Anpa Rosalía de Castro en colaboración coa Concellería de Deportes de Lugo. Foron dez os equipos participantes, e un total de 93 xogadoras e xogadores de idades comprendidas entre os cinco e os sete anos, moitos deles debutantes na disputa dun encontro de baloncesto. Os equipos participantes foron o Rosalía de Castro, Estudiantes Lugo, Maristas Lugo, Ensino, María Auxiliadora e Franciscanos, que disputaron un total de quince partidos ó longo de toda a mañá con tres encontros por cada equipo.

Os asistentes, sobre todo os máis novos, gozaron coa presenza de Maximus, mascota do Leite Rio Bregán, que causou gran sensación entre os participantes, compartindo xogos, celebrando canastras ou sacando fotos para o recordo.

Xa no acto de clausura, Miguel Fernández, Concellero de Deportes e Medio Rural do Concello de Lugo, ca inestimable colaboración de Maximus,



entregou unha medalla a cada participante e deu por clausurada a concentración, que foi todo un éxito de participación, organización e, o máis destacable, de sorrisos e ilusións.

Partido en Ribadeo

Tamén esta fin de semana os máis novos xogaron o seu primeiro encontro de baloncesto medíndose os equipos de babybasket do Ria de Ribadeo e do CB Viveiro.

